Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 24/01/2022 12:28:50**

**Noelia Otero Lago na data 24/01/2022 12:28:58**

**Julio Torrado Quintela na data 24/01/2022 12:29:11**

**Marina Ortega Otero na data 24/01/2022 12:29:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o gasto de 19.500 euros da Secretaría Xeral de Emigración para a construción dun cruceiro en Miami.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case xa tres anos o Presidente da Xunta de Galiza e máis o Conselleiro de Industria realizaban unha viaxe a Miami co obxectivo de conseguir grandes acordos para a industria e o turismo galego. Para iso, segundo informa a propia Xunta de Galiza, o mesmo Presidente tivo múltiples xuntanzas coas autoridades da cidade estadounidense, como co empresariado do sector turístico e naval.

Despois destas xuntanzas, o Núñez Feijóo prometeu que chegarían medidas beneficiosas como un voo directo entre Miami e Galiza, grandes acordos no sector do contract ou demais melloras no sector naval dos cruceiros e no sector hoteleiro.

Pola contra, a día de hoxe os e as galegas só sabemos a ciencia certa dun dos “beneficios” que esa xira norteamericana trouxo ao noso país. Ese dubidoso beneficio é o de que a Secretaría Xeral da Emigración vai destinar 19.500 euros á construción dun cruceiro de pedra en Miami para, segundo aparece no DOG “manter e reforzar os vínculos con Galicia e poñer en valor a nosa comunidade, a súa cultura e tradicións entre a colectividade galega de Florida e o resto da poboación estadounidense.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deixando a un lado a consideración que cada quen pode ter sobre cal é o mellor xeito de poñer en valor a nosa comunidade e cultura nos EUA, a ollos de todos e todas resulta incomprensible que se gaste a mesma cantidade de diñeiro neste cruceiro ca en dar asistencia sanitaria a galegos e galegas en países de América Latina ou incluso que esta cantidade sexa o dobre que a destinada á recuperación e mellora de Centros Galegos no Estado Español.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

- . Cre a Xunta de Galiza que o gasto do cruceiro de Miami é xustificable?
- . Como valora a Xunta de Galiza que esta sexa a única noticia coa que a sociedade galega conta da xira do Presidente polos EUA?
- . Existen posibilidades a día de hoxe de que poida existir un voo directo Miami – Galiza?
- . Cal é o estado actual das negociacións co sector empresarial de Miami?
- . Parécelle axeitado á Xunta de Galiza gastar 19.500 euros nun cruceiro en Miami?
- . Vai desenvolver a Xunta de Galiza novas actividades para a promoción da nosa lingua e cultura nos EUA?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 24/01/2022 13:40:52**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 13:40:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2022 13:41:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de decembro, as instalacións da antiga Conserveira de Esteiro, S. A., do Grupo Calvo, ubicadas no lugar de Esteiro, no concello de Muros, saíron a subasta pública por un importe de un millón de euros. O lugar onde se ubican, ao lado do mar, abrangue unha superficie de case 19.000 metros cadrados e conta con varias construcións ben diferenciadas.

Unhas instalacións que estiveran en funcionamento durante máis de 30 anos e que, baixo a fórmula dun traslado á central da empresa en Carballo, pecharon definitivamente no ano 2017, deixando á comarca de Muros e Noia sen unha das súas principais fontes de emprego e afectando a máis de 300 postos de traballo directos e indirectos.

Tanto a conserveira de Esteiro como a matriz en Carballo, foran no seu momento perceptoras de cuantiosas axudas públicas, que hoxe aínda se estenden á propia empresa Calvo. Daquela, a propia Xunta de Galiza, diante do peche definitivo, mesmo anunciara publicamente que faría todo o posíbel por facilitar a instalación doutra firma na nave de Esteiro que, igual que vén de ocorrer agora na poxa, nunca se produciu. Tanto foi así que o pasado 18 de xaneiro, prazo ata o que estaba aberta a poxa, non se presentou ningunha oferta.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A ninguén se lle escapa que a comarca de Muros e Noia, malia a ser unha referencia en canto a alimentos procedentes do mar, nomeadamente o berberecho mais non só, non conta con fábricas que pechen o ciclo de produción na propia ría e que poidan ofrecer, polo tanto, un maior número de postos de traballo e, por outra banda, un valor engadido ao produto de proximidade dun xeito totalmente sostíbel.

As instalacións de Esteiro poderían ter moito que ver, precisamente, nese obxectivo ou en calquera outro relacionado coa produción pesqueira e marisqueira da ría. Poderían, tras os investimentos previos, converterse nunha cooperativa de transformación do produto que poña en valor a súa orixe, coa participación das confrarías da zona e mesmo dos concellos, ou dar cabida a equipamentos tan necesarios como unha depuradora de moluscos, un criadeiro de semente que contribúa a mellorar a producións dos bancos marisqueiros e a evitar a dependencia actual de produto foráneo, un laboratorio de análises e/ou de investigación, ou calquera outro proxecto vinculado ao sector pesqueiro e marisqueiro.

As posibilidades serían múltiples e susceptíbeis de seren aprobadas polos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro (GALP), que teñen como obxectivo o desenvolvemento sostíbel das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que decontado iniciará o seu novo programa 2021-27.

Un novo FEMPA que anima aos países da UE a investir na mellora da competitividade e no desenvolvemento dunha economía sostíbel, así como na protección e restauración da biodiversidade e cuxo reparto no Estado español xa foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Pesca no pasado mes de xullo, correspondéndolle a Galiza 336 millóns de euros, máis da metade da cantidade que se reparte entre todas as Comunidades Autónomas (735 millóns de euros).







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O prezo da conserveira de Esteiro, estipulado agora nun millón de euros, está moi por baixo do seu valor de taxación e a súa adquisición permitiría múltiples posibilidades nunha zona potentísima en recursos pesqueiros e marisqueiros pero moi infradotada de proxectos que desenvolvan na súa totalidade ese potencial. A súa venta, pois, agora en curso, sería unha oportunidade que non se debería desbotar e pola que a Administración debera interesarse e mesmo encabezar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Considera a Xunta de Galiza que é importante que a Administración se implique, e mesmo lidere, proxectos de desenvolvemento no ámbito pesqueiro e marisqueiro?

2.- Que valoración fai da posibilidade de adquirir as instalacións da antiga conserveira de Esteiro, do Grupo Calvo, agora en venta?

3.- Estaría en disposición de adquirirla para desenvolver proxectos vinculados ao sector do mar na ría de Muros e Noia e contribuír á creación de postos de traballo nese ámbito, ademais de incrementar o valor engadido dos produtos pesqueiros e marisqueiros da zona?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**  
**Carme González Iglesias**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 24/01/2022 17:41:07**

**María do Carme González Iglesias na data 24/01/2022 17:41:11**

**Rosana Pérez Fernández na data 24/01/2022 17:41:20**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.****

As inundacións producíronse ao longo da historia e non son un fenómeno novo. Con todo, coa paulatina ocupación das chairas de inundación, as súas repercusións son cada vez máis graves, pois se cambia a dinámica natural das concas, e é isto, unido a unha maior frecuencia de choivas intensas, fai que os estudos das inundacións e a adopción de medidas preventivas cobre cada vez máis relevancia.

Protección Civil é un axente imprescindible na xestión do risco, e así se establece nos plans de xestión do risco de inundacións que se aplican na nosa comunidade. Neles se recollen medidas que deben aplicar as autoridades e institucións competentes en materia de emerxencias, e que abarcan a previsión e prevención, a resposta e a rehabilitación.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

-Que avances ten efectuado a Xunta de Galicia no ámbito da protección civil en relación á xestión do risco de inundacións na nosa Comunidade Autónoma?

-Cál é o estado de implantación dos protocolos de comunicación cos organismos de cunca e axencias de meteoroloxía?



Santiago de Compostela, 25 de xaneiro 2022.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 25/01/2022 12:03:36**

**José Manuel Rey Varela na data 25/01/2022 12:03:56**

**María Sol Díaz Mouteira na data 25/01/2022 12:04:17**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/01/2022 12:04:30**

**Ana Belén García Vidal na data 25/01/2022 12:04:49**

**José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2022 12:05:02**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Noelia Pérez López na data 25/01/2022 12:05:17**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG-OVLCWu0ZC-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece con carácter xeral que todos os espectáculos públicos e actividades recreativas, deberán reunir as condicións de seguridade, calidade, comodidade, accesibilidade, salubridade e hixiene apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiras persoas afectadas, a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos.

Nos últimos anos tivo lugar unha paralización, case total e absoluta, no eido dos espectáculos musicais e das festas e verbenas populares por mor da crise sanitaria derivada da covid-19. Non obstante, nese período o goberno galego aprobou diferentes normas en desenvolvemento da Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Malia o anterior, no momento actual estase iniciando a reactivación dos espectáculos musicais e das actividades recreativas o que fai necesario, canto antes, a aprobación dun regulamento xeral que permita a realización destes acontecementos cun coñecemento exacto e axeitado dos requisitos técnicos, de seguridade e sanitarios que os organizadores deben cumprir.

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten pensado o goberno galego regular os requisitos de seguridade e sanitarios que deben reunir todo tipo de espectáculos musicais en desenvolvemento da Lei de espectáculos públicos e actividades



recreativas de Galicia, e, de ser así, cando pensa proceder a dita regulación?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro 2022.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 25/01/2022 12:00:25**

**José Manuel Rey Varela na data 25/01/2022 12:00:45**

**María Sol Díaz Mouteira na data 25/01/2022 12:01:06**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/01/2022 12:01:37**

**Ana Belén García Vidal na data 25/01/2022 12:01:53**

**José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2022 12:02:05**

**Noelia Pérez López na data 25/01/2022 12:02:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Diariamente todos somos coñecedores a través dos diversos medios de comunicación e das estatísticas oficiais do aumento de incidencias derivadas da desaparición de persoas, na maioría dos casos persoas maiores con algún tipo de enfermidade dexenerativa como alzheimer, demencia, etc.

Esta problemática vese agravada no caso de Galicia pola ampla dispersión da poboación- compre recordar que Galicia se atopan máis do 50% dos núcleos de poboación de toda España-, pola grande lonxevidade da poboación galega, e polo fenómeno xeralizado en toda España, do despoboamento dos núcleos rurais.

Estas mesmas circunstancias unidas á propia orografía e á paisaxe de Galicia dificultan, ás veces, a localización destas persoas, que, en algún caso, ten finalizado coa desagradable noticia do seu falemento.

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Qué está a facer a Xunta de Galicia para dar un mellor servizo a poboación e minorar o impacto deste tipo de incidencias para que non acaben en traxedia?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro 2022.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 25/01/2022 11:39:49**

**José Manuel Rey Varela na data 25/01/2022 11:40:03**

**María Sol Díaz Mouteira na data 25/01/2022 11:40:28**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/01/2022 11:40:39**

**José Alberto Pazos Couñago na data 25/01/2022 11:40:51**

**Ana Belén García Vidal na data 25/01/2022 11:41:07**

**Noelia Pérez López na data 25/01/2022 11:41:20**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4<sup>a</sup>**, sobre o servizo de transporte na montaña de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a Confederación Anpas Galegas realizaron un estudo arredor da situación que atinxe o alumnado da montaña norte de Lugo en materia transporte. Fixérono para evidenciar como a falta de servizos de comunicación entre os concellos de Cervantes, Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baleira, Navia de Suarna e Baralla, está a causar un grave prexuízo ao alumnado na etapa post-obrigatoria (Bacharelato e Formación Profesional) favorecendo o éxodo cara á cidade de Lugo, principalmente.

Dos resultados extraídos por Anpas Galegas a Confederación conclúe que:

- Hai unha importante deficiencia nas conexións de transporte público entre as zonas rurais e os centros de ensino non universitario de referencia.
- Esta situación dificulta aínda máis a igualdade de oportunidades.
- Incrementa a desvinculación do alumnado co rural.
- Favorece o abandono do medio rural con todo o que iso supón.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Supón un importante custe económico para as familias.

E é que a ausencia de liñas de transporte convencional entre os concellos da montaña obriga as familias a levar as súas fillas e fillos cando conclúen os seus estudos obrigatorios directamente no seu vehículo particular ao instituto, pagar un taxi cando non marchan vivir para a cidade de Lugo.

Cómpre lembrar que o Goberno galego concentrou as competencias de transporte (regular e escolar) na Consellaría de Infraestruturas e no Plan de Transporte da Xunta de Galiza contéplase apenas unha liña regular de luns a venres (non festivos) que conecta co Hospital Lucus Augusti facendo parada nalgúns destes municipios.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental mellorar a conexión por estrada entre os concellos da montaña permitindo que o alumnado que cursa a etapa post-obrigatoria poida facelo na comarca sen verse na obriga de marchar ou sen ter que asumir un sobrecuste as familias que para moitas resulta inasumíbel. Unha mellora que redundaría tamén no conxunto da veciñanza da zona.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa actualmente a montaña de Lugo en materia de transporte?

. Cre que as liñas regulares actualmente en vigor son suficientes para atender as necesidades da veciñanza da zona? E do estudantado de Bacharelato e FP?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Pensa adoptar algunha medida o Goberno galego para garantir a igualdade de oportunidades do estudantado do rural, especialmente dos concellos da montaña?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2022 12:57:43**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2022 12:57:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os efectos das portas xiratorias dos gobernos do Partido Popular na política eólica e medioambiental en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2020 coñeceuse pola prensa que Beatriz Mato pasaba a ser membro de Greenalia, unha das grandes empresas do lobby enerxético e forestal. Este feito foi absolutamente escandaloso xa que esta persoa formou parte do goberno da Xunta desde o ano 2009, os últimos, de 2015 a 2018, coa responsabilidade de Conselleira de Medio Ambiente. Na data do seu novo nomeamento nin sequera pasaran dous anos enteiros após o cesamento. O mesmo aconteceu coa súa fichaxe por Euskatel.

Esta porta xiratoria do Partido Popular de Galiza, que no caso de Greenalia implica tamén un exconselleiro de Industria de Fraga, Antonio Couceiro, que ostenta a figura de conselleiro “independente”, supuxo un paso máis na cadea de favores do goberno popular a esta empresa. Facendo un breve repaso, entre eles cabe destacar cando no ano 2016, vía lei de acompañamento dos Orzamentos, achairou o camiño para dar vía libre á planta de biomasa que a empresa promovía en Teixeira e que se viu favorecida tamén por decisións tomadas no 2017 directamente por parte do departamento de Mato canto á tramitación ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así mesmo, máis escandaloso é aínda o feito de que Beatriz Mato fose nomeada en xullo de 2021 tamén parte do consello de administración da empresa. Este feito acontece despois de que como conselleira participara na autorización do 80% dos parques eólicos en funcionamento de Greenalia, 4 de 5 que suman máis de 74 MW.

É o caso do parque eólico Oourol que sendo conselleira foi declarado o 7 de xullo de 2018 de interese especial polo Consello da Xunta seguindo os postulados da lei de depredación do 2017. Isto mesmo aconteceu coa tramitación dos parques de Miñón, Monte Tourado e Alto da Croa II na costa da Morte, tamén declarados como proxectos de interese especial. É necesario sinalar que este tipo de tramitación vén de ser posta en entredito pola sentenza xudicial respecto da repotenciación de Corme por parte do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG). Esta nova situación fai máis evidente a conexión entre o lobby enerxético e o goberno de Núñez Feijoo e a necesidade de depurar responsabilidades e fiscalizar os proxectos en marcha de forma profunda e rigorosa.

É necesario recordar que a empresa obtivo na poxa de xaneiro de 2021 do MITECO 135MW de eólica terrestre, un 13,5% da potencia destinada polo ministerio a esta tecnoloxía. Segundo informa na súa propia memoria económica, a intención é desenvolver estes 135 MW nos seguintes proxectos: Plan Eolo II: PE de Felga (21MW), Gato (25,2MW), Penas Boas (16,8MW), Pena Ombra (45MW) e O Cerqueiral (27MW), todos eles na Coruña. A estes sumarían outros 135MW a través do Plan Eolo I: PE de Campelo (40MW), Bustelo (50MW), Monte Toural (20MW) e Touriñán (25MW). Con estes 9 parques eólicos, que están a supoñer alegacións e contestación ao longo do territorio pola súa tramitación e afeccións, Greenalia pretendería sumar 270 MW a desenvolver en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Hai que ter en conta, ademais, que esta empresa presentou manifestacións de interese aos fondos Next Generation vinculadas ao desenvolvemento da eólica mariña na costa galega. Polo tanto, é necesario extremar as cautelas respecto do uso de información obtida baixo o desempeño de cargo público, ao que hai que incrementar as cautelas derivadas da desordenación do sector e da falta de garantías democráticas, ambientais e de retorno económico que se están a demostrar a través de sentenzas xudiciais e de informes como os do Consello da Cultura Galega ou o Observatorio eólico galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Como pode asegurar o goberno galego que as súas portas xiratorias non están a condicionar o desenvolvemento eólico en Galiza?

. Que valoración fai de que a ex conselleira Mato participase da autorización do 80% dos parques eólicos en funcionamento de Greenalia en Galiza?

. Como pode ter a sociedade e o empresariado galego a certeza de que na planificación de case 300MW de expansión eólica non se está a empregar información que deba ser confidencial?

. Como valora o goberno galego que a maioría de parques citados fosen tramitados baixo unha aceleración de prazos que vén de ser posta en entredito por unha sentenza do TSX? Que rectificacións vai facer?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Vai desenvolver o goberno galego unha auditoría dos proxectos en tramitación para asegurar o cumprimento de suficientes garantías democráticas e de control medioambiental?

. Que actuacións levou a cabo a Oficina de incompatibilidades e boas prácticas respecto do caso Mato e a súa incorporación en menos de dous anos a unha empresa vinculada coas súas tarefas como conselleira?

. Considera o goberno galego que cumpriu as directrices da lei de transparencia?

. Considera o goberno galego que pode haber corrupción neste caso?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2022 16:43:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2022 16:43:40**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

O pasado 10 de xaneiro a comunidade educativa do país retornou das festas de Nadal, incorporándose aos seus centro educativos, pero na Universidade Laboral de Ourense, o primeiro que atoparon foi cualificado como “arboricidio” por varios colectivos de protección do medio.

A Universidade Laboral de Ourense é un centro singular encargado polo Ministerio de Traballo da ditadura en 1974 e inaugurado en 1975 ao equipo dirixido por Julio Cano Lasso con José Manuel Sanz e Antonio Ortiz, sendo executada pola empresa Malvar en apenas 15 meses.

Ocupa no barrio da Cuña da cidade unha singular parcela de 10 hectáreas e ten construído 23.274 metros cadrados que constaron daquela 200 millóns de pesetas.

Hoxe conviven nese entorno natural no edificio orixinal a residencia de estudantes e o IES con alumnado de ESO, Bacharelato e ciclos formativos, e co tempo foron construíndose o centro de formación do profesorado (1992), un campo de rugby de xestión municipal (1998) e a Escola de Arte Antonio Failde (1999).

Xa o propio arquitecto Cano Lasso sorprendérase co valor das árbores onde ía construír o seu proxecto, e decidiu integralas e respectalas para asegurar o seu desfrute, tanto por fóra como dende as aulas e zonas comúns e do internado. A sensación de campus é unha das características que máis aprecian o alumnado e profesorado deste centro dende fai décadas.

A variedade de especies con presenza de diferentes tipos de piñeiros incluído os mansos (piñoneros), as sobreiras, os érbedos, prunus, quercus, etc, e a distribución polo gran espazo libre da finca, o configuraban como un auténtico xardín botánico forestal na cidade.



A inexistente xestión e atención da masa forestal durante anos foi a causa de que se documentaran varios episodios de caídas de árbores ou ramas tanto dentro do recinto (con rotura de fiestras no aulario e mesmo no polideportivo), como por fóra, o que tamén motivou a queixa de varios veciños e veciñas con fincas e casas (polo perigo evidente de incendio ao non respectarse o marxe legal de seguridade e as incomodidades de suspensión do subministro de electricidade e telefonía), tanto ó equipo directivo como en educación.

O propio alumnado e profesorado foron os que deron a voz de alarma cando comprobaron o impacto da corta extrema máis propia dunha instalación forestal que dunha actividade puntual nunha finca de tipo urbano, que apeou un número moi grande de árbores que en aparencia non eran as de risco, e deixou sen solucionar algúns exemplares que efectivamente non compren coas normas de separación e de seguridade.

Son as Amigas das árbores ás que difunden a magnitude de tal agresión, o que leva a Amigos da Terra e a SGHN a denunciar aos feitos diante do concello de Ourense, e se suman a acción que o luns seguinte 17 de xaneiro realizan alumnado, profesorado e veciñanza e outros colectivos de apoio como a plataforma SOS Ourense, de visibilización da corta.

O Concello de Ourense emite providencia do concelleiro de Medio Ambiente ese mesmo luns 17 de xaneiro polo que atendendo a solicitude de Amigos da Terra, ordena a paralización inmediata de todos os traballos de apeo na Universidade Laboral.

Será nese seguinte venres 21 que a empresa entra de novo no recinto da Universidade Laboral con maquinaria pesada realizando traballos de troceado do ramallo, o que xera chamadas a Policía e outro escrito de Amigos da Terra para que a paralización dos traballos sexa total ata que se resolva o conflito.

As fotos realizadas documentan tales feitos e mesmo a madeira apilada é unha mostra do exceso na corta.



Polo tanto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego da corta masiva de árbores efectuada na Universidade Laboral de Ourense, centro dependente da Consellería de Educación?
2. Cando e como se iniciou o procedemento ante a Consellería de Educación e a Consellería de Medio Ambiente para estudar e valorar o apeo das árbores enfermas ou perigosas?
3. Que estudos de valoración facultativa e ou presupostos de obra se solicitaron e foron tidos en conta?
4. Dada a singularidade do edificio e da finca, houbo informe da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia? Que instrucións daba?
5. A autorización preceptiva do Concello de Ourense, a que traballos concretos viña referida?
6. Que supervisión existiu dos día de traballo por parte do equipo directivo do centro e da Consellería de Educación? Hai partes de traballo diario?
7. Na memoria técnica da actuación existían actuacións máis alá da tala? Algún tratamento proposto para os exemplares infectados por patoloxías? Calculouse o impacto sobre o resto do ecosistema, e propúxose algunha medida correctora?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/01/2022 17:14:46**

**Marina Ortega Otero na data 25/01/2022 17:14:56**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/01/2022 17:15:04**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/01/2022 17:15:14**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/01/2022 17:29:34  
**Nº Rexistro: 28911**  
Data envío: 25/01/2022 17:29:34.707

**Noa Susana Díaz Varela na data 25/01/2022 17:15:25**

**Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:15:37**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/01/2022 17:15:44**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-OVLCWuQZC-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pandemia do Covid-19 veu a modificar a vida ordinaria de toda a cidadanía tanto a nivel social coma laboral.

En relación a este último a necesidade de intensificar as medidas hixiénicas para loitar contra o virus impuxo a obriga de incrementar os cadros de persoal de limpeza tanto no eido público coma privado.

Pero especial consideración supoñen as persoas profesionais da limpeza que traballan nos centros hospitalarios, xa que ao seu traballo incrementouse notablemente así como o risco de contaxio.

Este é o caso das persoas traballadoras do sector da limpeza do CHUP (Complexo Hospitalario de Pontevedra, Hospital Provincial e Montecelo) servizo externalizado polo Sergas e que desenvolve a empresa Acciona.

O convenio colectivo que establece as condicións de traballo e produtividade destes traballadores e traballadoras firmouse no ano 2014, polo que é necesaria unha actualización.

Ante a necesidade de mellorar este marco laboral, as 3 centrais sindicais sentáronse a negociar coa empresa que cerrouse en banda ante calquera mellora económica e social.

Dende o Grupo Socialista non entendemos a discriminación que están a sufrir os traballadores e traballadoras deste hospital respecto a outros coma os do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a mesma empresa si rubricou un convenio con mellores condicións económicas e sociais.

Tendo en conta a situación sanitaria actual e a imprescindible tarefa que desenvolven os e as traballadoras de limpeza que contribúe a prestar un servizo público, como é a atención sanitaria de calidade, entendemos que o goberno da



Xunta de Galicia ten a obriga de mediar para que a empresa asuma estas xustas demandas, entre as que se atopan:

- Equiparación ao persoal do grupo AP con contacto directo cos e coas pacientes, entendendo que o sector da limpeza manipula residuos, mobiliario e accede ás habitacións dos pacientes mesmo con eles dentro.
- A elaboración dun cuadrante anual, para que todos os e as traballadoras coñezan con antelación os descansos e así mellorar a súa conciliación familiar.
- Establecer un complemento de desprazamentos, no caso de existir un aparcadoiro privado no futuro Gran Montecelo.
- Aumento do persoal xa que este é moi escaso o que está a provocar o esgotamento dos e das traballadoras e a imposibilidade de acadar un traballo óptimo.
- Modificación da posibilidade de cambio de quenda ou de área que na actualidade non se permite.
- Adscrición do persoal a servizos concretos para que poidan mellorar a eficiencia no seu traballo.

Debemos ter en conta que o sector da limpeza é un sector feminizado e altamente precario, e este grupo político defende todas aquelas cláusulas dos convenios que loiten contra a precariedade laboral que están a sufrir as mulleres en Galicia.

O Partido Socialista de Galicia avoga por non estender a precariedade laboral a un maior número de persoas traballadoras e desexamos que non se bloquee a negociación entre sindicatos e patronal, negociación na que debe rexer o principio de boa fe, co fin de chegar a un acordo que se reflexe nun convenio colectivo digno para as traballadoras e traballadores de limpeza do CHUP.

Traballadoras e traballadores os que o Grupo Parlamentario Socialista quere facer un recoñecemento pola súa dedicación laboral e espírito de solidariedade que fixeron e fan, nesta crise sanitaria, a nosa vida máis segura.

E non podemos deixar de preocuparnos porque o bloqueo da negociación puidera dar lugar a unha crise sanitaria ao constituír a desinfección de centros sanitarios un labor esencial que garanta a seguridade das persoas usuarias.





Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión.

1. Que previsión de actuación ten o Goberno galego ante a posible convocatoria de folga no sector de limpeza do CHUP e o grave problema de seguridade sanitaria que ocasionaría e que afectaría aos usuarios e usuarias destes centros?
2. Pensa o Goberno galego mediar no conflito colectivo xerado na negociación do convenio de limpeza do CHUP, ante a posible convocatoria de folga e o grave problema de seguridade sanitaria que ocasionaría e que afectaría aos usuarios e usuarias destes centros?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:26:14**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/01/2022 17:26:24**

**Julio Torrado Quintela na data 25/01/2022 17:26:33**

**Marina Ortega Otero na data 25/01/2022 17:26:40**





## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O 8 de maio de 2020 promulgouse a Orde JUS/394/2020, que aproba o esquema de Seguridade Laboral e o Plan de Desescalada para a Administración de Xustiza ante o Covid-19.

Nesta orde determínanse entre outras medidas, as relativas á protección colectiva en relación á atención ao público en oficinas xudiciais, que establece:

- A atención ao público farase por vía telefónica ou a través do correo electrónico habilitado a tal efecto.
- Para aqueles casos nos que resulte imprescindible acudir á sede xudicial, será necesario obter previamente a correspondente cita de conformidade cos protocolos que ao efecto se establezan.

En todas as sedes deberá implementarse medidas que minimicen o contacto entre o persoal e a cidadanía asistentes:

1. Todo o público, gardará a distancia interpersonal.
2. aforo máximo deberá permitir cumprir co requisito mencionado na distancia interpersonal de 2 metros.
3. Limitarase o número de persoas que accede e o tempo de exposición ao mínimo posible. Adicionalmente, as persoas alleas á sede xudicial comunicará no control de accesos de entrada o eu percorrido, para evitar calquera prolongación da súa presenza.

Transcorridos 9 meses e varias vagas da pandemia, a Dirección Xeral de Xustiza aínda non implantou no Rexistro Civil de Vigo o sistema de Cita Previa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos o motivo desta pasividade, cando si está implantado nos rexistros civís doutras cidades e sobre todo tendo en conta que polo volume de poboación é o rexistro de maior afluencia de público.



Entendemos que é unha irresponsabilidade da Dirección Xeral de Xustiza que ten que proporcionar os medios axeitados para a implantación deste servizo, e así evitar as longas colas que se están a xerar e o risco que esta exposición xera ao persoal deste servizo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como xustifica o Goberno galego a non implementación do servizo de cita previa no rexistro civil de Vigo?
2. Porque non cumpre o protocolo de medidas Covid aprobado na Orde JUS/394/2020?
3. Entende a Xunta de Galicia que coa situación sanitaria existente, a ausencia desta medida por en risco aos traballadores e traballadoras do rexistro civil de Vigo?
4. Ten previsto proporcionar os medios necesarios para instaurar este sistema de cita previa no rexistro civil de Vigo?
5. Cantos rexistros civís de Galicia non teñen aínda implantado este servizo?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Leticia Gallego Sanromán  
Noelia Otero Lago  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 25/01/2022 17:21:24**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 25/01/2022 17:21:32**

**Noelia Otero Lago na data 25/01/2022 17:21:40**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/01/2022 17:41:24  
**Nº Registro: 28922**  
Data envío: 25/01/2022 17:41:24.442

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/01/2022 17:21:52**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-OVLCWuQZC-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a contratación da tala indiscriminada de árbores na Universidade Laboral de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instancia da Xunta de Galiza vense de “reordenar” o patrimonio natural sito na Universidade Laboral e a súa contorna, no barrio de A Cuña, mediante a tala indiscriminada de toda e canta especie arbórea existía no lugar. Tanto é así que o Concello de Ourense viuse na obriga de ordenar a paralización inmediata da actuación arboricida perpetrada pola Xunta de Galiza.

O espazo da Universidade Laboral de Ourense foi destacado en distintas publicacións especializadas pola perfecta integración paisaxística e a rica variedade arbórea dentro dun ámbito eminentemente urbano. Máis de 1252 exemplares de máis de 100 especies arbóreas e arbustivas compuña un dos principais pulmóns dunha cidade necesitada de espazos verdes e naturais.

A intervención realizada pola Xunta de Galiza non se limitou ao saneamento ou poda dos exemplares doentes, secos, danados polos temporais ou perigosos para a veciñanza ou para as persoas que acudían ao centro formativo, senón que procedeu a realizar unha corta, propia dunha explotación forestal con fins lucrativos. Explotar no





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

canto de conservar e ordenar. Tanta foi a desfeita medioambiental realizada que provocou unha alarma e reacción social que obrigou ao Concello de Ourense a paralizar a execución do arboricidio que se estaba a perpetrar.

Especies como tilos, plátanos de sombra, pradairos, salgueiros, cipreses, enebros, amieiros, chopos ou carballos, con décadas de idade, foron tallados polo pé sen razón algunha que o xustificase, nin sequera -segundo informan dende o propio Concello de Ourense- sen autorización que amparase a súa eliminación do xeito e alcance co que se estaba a realizar.

A actuación descrita foi presuntamente realizada por unha empresa privada que a Xunta de Galiza contratou para a realización da intervención descrita

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Autorizou a Xunta de Galiza a intervención que se executaba no espazo da Universidade Laboral de Ourense e a súa contorno do xeito e alcance co que se estaba a executar?

Cales foron os criterios, prezo e condicións polos que se adjudicou o contrato para a execución da intervención no patrimonio natural de Ourense?

Cal foi o procedemento administrativo seguido para a contratación da actuación realizada e o destino da madeira extraída é o prezo dela?

Cónstalle á Xunta de Galiza se foran marcados os exemplares nos que se debía intervir? No seu caso, axustouse a empresa contratista ás indicacións realizadas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ten previsto a Xunta de Galiza exixir algún tipo de responsabilidade á empresa contratista?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

**Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**María González Albert**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 26/01/2022 11:49:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2022 11:49:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 11:49:41**

**María González Albert na data 26/01/2022 11:49:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/01/2022 11:50:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** sobre as actuacións necesarias para garantir que o sector bancario garanta unha atención presencial mínima para as persoas usuarias.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A profunda transformación do sector bancario nos últimos tres lustros, acelerada baixo as coartadas da crise financeira de 2008 e máis recentemente da pandemia da covid-19, ten múltiples consecuencias nos ámbitos económicos e sociais. A constante oligopolización do sector trouxo canda si unha redución do número de entidades, a bancarización das estruturas e tamén unha forte operación para a redución de custos que trae un adelgazamento da estrutura de persoal e da rede de oficinas presenciais. Así mesmo, nos últimos anos as entidades teñen focalizado a súa actuación na colocación de produtos e impuxeron unha axenda de dixitalización que non contempla a realidade social e económica dos territorios nin as necesidades presenciais que a cidadanía e os negocios teñen.

Diante deste contexto, a reacción do goberno galego, no lugar de impulsar mecanismos públicos alternativos e unha férrea de defensa das e dos consumidores, foi o de regalar fondos públicos á entidade Abanca para que instale caixeiros ao tempo que está a reducir caixeiros, oficinas e postos de traballo no noso país. Todo isto despois de







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

máis dunha década de reestruturación bancaria no que os gobernos centrais de PP e PSOE tiveron un papel fundamental.

Nos últimos anos, ao fío da pandemia, o proceso de destrución de emprego e servizos tense acelerado, como amosan os múltiples ERE do Santander, Caixabank, BBVA, Abanca, etc. Recentemente, o Banco de España informaba nos seus últimos datos, publicados en xaneiro de 2022 respecto do mes de setembro de 2021, de que a banca a nivel do Estado español pechara o 10% das súas oficinas nun ano, atopándose nun mínimo histórico desde o ano 1977, deixándoas en 20.421. Respecto do ano 2008, ano no que se atopaban en máximo histórico, o descenso é de case o 56%.

Esta construción, prevista en 12 metros de altura, está sendo construída en terreos de Portos de Galicia e ten como obxectivo aparente a facilitación dun almacén de naves de recreo para unha empresa privada. A Illa de Arousa é un lugar de especial relevancia tanto na repercusión do sector marítimo como na ordenación urbanística, onde a singularidade que constitúe unha ubicación como A Illa debe ser tida en conta. As limitacións de espazo fan necesario optimizar os terreos dispoñibles para usos o máis produtivos posibles, e mentres o Porto do Xufre ten algunhas demandas como a instalación dunha estación de carga eléctrica para barcos, ou posibles almacéns para uso da confraría ou especificamente dos bateeiros, a realidade é que estase utilizando ese espazo para unha construción que está por ver o beneficio ao interese xeral que pode xerar.

A pesares da posición contraria que manteñen Concello, confraría e bateeiros, o goberno da Xunta de Galicia segue sen atender ás necesidades que están formulando dende o sector evitando explicacións e limitándose a deixar pasar a oportunidade de tomar posición conxunta con estes axentes implicados para potenciar o propio Porto do Xufre.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que a nave para usos privados que está a ser construída no Porto do Xufre en A Illa de Arousa cumpre un criterio de interese xeral e beneficio común para o Porto, Concello e sector marítimo de Arousa?



2. Cre o goberno da Xunta de Galicia que se cumpren os obxectivos de uso dos terreos portuarios coa construción desta nova infraestrutura no Porto do Xufre de A Illa de Arousa?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:39:04**

**Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2022 12:39:11**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A saúde mental é un dos graves problemas de saúde que está a padecer a nosa sociedade en xeral. De maneira específica, Galicia amosa feitos diferencias negativos no padecemento de problemas de saúde mental, como así se evidencia a partir de diversos datos chamativos.

A ratio de profesionais existentes en Galicia en función da poboación coloca a esta Comunidade Autónoma na cola de España en todas as categorías (psiquiatría, psicoloxía, enfermería especialista en saúde mental); o consumo de fármacos orientados á saúde mental sitúase en topos históricos e tamén comparativo co resto de comunidades autónomas de España; os datos sobre suicidios ubican a Galicia entre as comunidades autónomas con peores datos de España...a situación é moi preocupante.

Despois de varios intentos durante os últimos anos para tratar de orientar os esforzos do Goberno de Galicia en saúde mental, en marzo de 2021 chegouse a un acordo para a votación por unanimidade dunha parte dunha proposición non de lei do Grupo Socialista, que foi rexeitada no resto de propostas polo Grupo Popular, e cuxo texto aprobado foi:

*1) Desenvolver de maneira efectiva e real o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:*

*- Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.*

*- Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoxeriatría na área sanitaria de Ourense*



*2) Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nos vindeiros 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas*

*3) Acordar coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo*

A realidade da saúde mental segue sendo un grave problema en Galicia, e precísase unha aposta decidida para acompañar unha reivindicación cidadá clara que está a conquistar, sobre todo nos últimos tempos, unha visibilidade que aporta na concienciación colectiva das necesidades.

Resulta imprescindible avaliar o cumprimento das medidas aprobadas, tanto polo beneficio que pode levar á cidadanía como polo respecto parlamentario ao traballo desenvolvido. Ademais parece necesario afondar nas medidas estruturais a tomar para ampliar os recursos e os plans asistenciais orientados á saúde mental da cidadanía de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a situación asistencial orientada á saúde mental en Galicia?
2. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia do nivel de execución do acordo adoptado por unanimidade no Parlamento de Galicia en marzo de 2021?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/01/2022 13:51:01  
**Nº Rexistro: 29014**  
Data envío: 26/01/2022 13:51:01.241

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:40:32**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 12:40:38**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-OVLCWuQZC-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Sergas converteuse, dende hai anos, na referencia de contratación en precario no sistema público en Galicia e, en boa medida, tamén na comparativa co sector privado. O hábito de contratación tende sempre á precariedade, co abuso de temporalidade e a saturación de contratos. Estes casos ocorren coa tendencia a concatenar contratos pequenos para cumprir substitucións e baixas, en troques de fomentar relacións laborais o máis previsibles e estables posibles.

Como veñen denunciando moitos colectivos profesionais, a eventualidade no Sergas sitúase en taxas non aceptables para poder armar un sistema todo o eficiente que pode ser. Así o indicaron tamén varios dos comparecentes na Comisión de Reconstrución desenvolvida no Parlamento de Galicia, na que todos os que desenvolven actividade asistencial apuntaron a volumes de eventualidade por riba do 25 %, e nalgúñas categorías preto do 40 % en situacións puntuais como no caso da enfermería.

A realidade é que a política de contratación do Sergas resulta a todas luces insuficiente, fomentando a volatilidade dos procesos que se consolidan co tempo e que optimizan o funcionamento, como o hábito dos equipos mantidos en tempo, a atribución estable de roles, o coñecemento dos servizos e a especialización no traballo duns e outros profesionais.

Todo este sistema precisa dunha aposta forte pola estabilización, que pasa por diferentes medidas en termos de contratación estable, pero tamén por utilizar os mecanismos existentes da maneira máis axeitada. Isto non é o que está a ocorrer, xa que estase a espremer toda posibilidade de precarizar o emprego, priorizando o rendemento económico do sistema naquilo que é a maior potencialidade que ten: o persoal. Neste último grupo de medidas, aquelas que teñen que ver unicamente con criterios no hábito de contratación, está a necesidade de cubrir as baixas e/ou substitucións coa maior estabilidade posible (dentro dun tipo de contrato que, xa de por si, é eventualidade).



Sendo necesaria a existencia de eventualidade, é necesario reducila ao marxe necesario e afondar nas políticas de contratación para que, dentro dela, exista o maior fortalecemento do sistema posible.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que os hábitos de contratación utilizados polo Sergas responden ás necesidades de calidade do sistema sanitario público de Galicia?
2. Por que a contratación temporal no Sergas mantén o hábito de promover a precariedade co abuso do número de contratos nos casos que poden ser reducidos?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 13:33:19**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 13:33:26**





## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pandemia provocada pola Covid-9 amosou a necesidade de contar cun sistema de saúde pública con capacidade de resposta rápida e eficiente ante posibles problemas que poidan xerarse en termos de saúde pública. As dificultades para avaliar a evolución dun problema destas características, así como as complicacións para contar cunha dotación axeitada de material de prevención, sobre todo nas fases iniciais dunha situación así, son aspectos que debemos ter aprendidos para melloralos de cada ao futuro.

En Galicia o sistema de saúde pública sitúase nos últimos anos nun plano lateral dende o punto de vista da xestión do Sergas, recuperando o seu protagonismo unicamente a partir da aparición da pandemia. A inserción deste servizo dentro do Sergas, limitado pola subsumisión dentro dunha administración na que o seu peso veu sendo sempre menor do que debía, limita a súa capacidade de acción. A realidade é que a saúde pública é un área de traballo que necesita estar en permanente contacto coas liñas de investigación, cos planos asistenciais do sistema sanitario e tamén, de ser o caso, con outros ámbitos de xestión como a educación, a seguridade, emerxencias ou outros.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno da Xunta de Galicia a posibilidade de crear unha Axencia de Saúde Pública de Galicia para a mellora da capacidade de resposta e acción?
2. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que o sistema de saúde pública de Galicia está ben dotado en termos de recursos materiais e humanos?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/01/2022 13:52:07  
**Nº Registro: 29018**  
Data envío: 26/01/2022 13:52:07.303

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 13:41:46**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 13:41:53**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-OVLCWuQZC-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual.

Non está sendo así en Fornelos de Montes, onde o servizo de pediatría que estaba dispoñible antes do inicio da pandemia aínda non foi repostado. Fornelos tiña un servizo atendido por unha pediatra de maneira compartida con Pazos de Borbén, facendo dúas visitas semanais ao concello. Este servizo, con motivo da pandemia, foi reorganizado para ser atendido desde Redondela. Na actualidade, unha vez superada a emerxencia sanitaria, os veciños e veciñas manifestan a súa dúbida sobre as intencións da consellería, nunca aclaradas, sobre o prazo para repoñer o servizo. A atención pediátrica antes rotatoria entre Pazos de Borbén e Fornelos sitúase agora en Redondela, cos mesmos profesionais que antes daban servizo a propia vila e a estes dous concellos, pero agora de maneira agrupada.



Polo exposto, o deputado e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia repoñer o servizo de pediatría para os concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén como estaba previamente á pandemia provocada pola COVID?
2. Por que o Goberno da Xunta de Galicia nega ofrecer información sobre as súas intencións aos concellos afectados por esta organización circunstancial do servizo?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Paloma Castro Rey  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:57:55**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 12:58:01**

**Paloma Castro Rey na data 26/01/2022 12:58:10**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutive a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual.

Non está sendo así en Cuntis, unha localidade que ven reclamando de maneira sistemática e continuada un claro déficit de atención en termos de recursos humanos desde tempos anteriores á pandemia, e sempre minusvalorado pola dirección do Sergas e o goberno da Xunta de Galicia. Así o teñen manifestado os veciños e veciñas de Cuntis, con manifestación numerosas e actos de protesta ante a nula vontade resolutive da Consellería, que non da repostos nin cubertos as necesidades de profesionais que a vila ten. Entre as accións levadas a cabo tamén están os acordos e unanimidades dos representantes políticos, nos que todas as formacións teñen sumado esforzos para reivindicar unha necesidade que, cando chega a instancias superiores no Parlamento de Galicia ou na Xunta de Galicia atópase co rexeitamento frontal do Goberno e o Grupo Popular na Cámara galega.

Cuntis non ten cubertas todas as prazas de profesionais de medicina de familia que ten asignadas, e dende o inicio da pandemia perdeu a cobertura pediátrica no seu centro de saúde, véndose obrigados os veciños e veciñas a desprazarse ao centro de saúde de Caldas para este servizo. O centro de saúde de Caldas, pola súa parte, ten notorias deficiencias estruturais no edificio, mentres que a



dirección da Consellería de Sanidade leva 10 anos rexeitando todas as propostas que o Concello fai de terreos válidos para construír un novo centro, ata en 6 localizacións distintas que foron ofrecidas.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia repoñer o completo dos profesionais de atención primaria que ten asignados o centro de saúde de Cuntis e que agora non están ao completo?

2.<sup>a</sup>) Que data marca o Goberno da Xunta de Galicia para que os veciños e veciñas de Cuntis poidan dispor do servizo de pediatría no seu centro de saúde como deberían e está asignado?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 13:02:24**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 13:02:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia, a través do seu conselleiro de Sanidade, vén de facer público que está valorando unha flexibilización das condicións de incompatibilidade no exercicio da tarefa clínica dos profesionais facultativos do Sergas con respecto ás mesmas tarefas no eido privado. Esta flexibilización anunciada, que parece inicialmente solo contemplable para as e os facultativos pero non para outros profesionais segundo a información publicada, non está esclarecida en que sentido nin con respecto a que cuestións da lexislación actual fai referencia.

Cabe mencionar que este anuncio foi realizado polo conselleiro de Sanidade no marco dunha conferencia pública, celebrada en Madrid, trala petición expresa no mesmo acto dun dos grupos da sanidade privada con maior presenza en Galicia a través do seu presidente. Non existira previamente ningunha formulación coñecida, nin o debate de tal iniciativa ou intención a través das canles parlamentarias en Galicia.

A negativa da Consellería de Sanidade a atender as reclamacións de numerosos colectivos profesionais galegos, referidos ás necesarias melloras e nova formulación do modelo asistencial, especialmente en Atención Primaria ou en saúde mental, choca coa receptividade amosada aos cambios normativos que son propostos por outros axentes do sistema sanitario.

Resulta necesario regular axeitadamente para compatibilizar a optimización dos recursos humanos do sistema, prevendo problemas e sendo quen de resolver as posibles fontes de perdas de recursos, pero esta argumentación é tan válida para atender ás reivindicacións duns axentes (grupos empresariais privados) como outros (colectivos de profesionais sanitarios de Galicia). Ademais, a argumentación referida á perda de competitividade do sistema público de Galicia en termos de recursos humanos choca coa argumentación utilizada en numerosas ocasións como explicación dalgúns déficit de xestión, como a ausencia de profesionais. Semella que, en realidade, non existe ausencia de profesionais en tantos espazos como se quere trasladar senón que, en realidade, existe unha falta



de competitividade do sistema público polas condicións laborais que se ofrecen aos profesionais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia atende con axilidade e premura ás esixencias públicas dos grupos empresariais sanitarios mentres evita atender ás peticións dos representantes dos traballadores sanitarios de Galicia?
2. En que sentido pretende o goberno de Galicia modificar a lexislación sobre compatibilidades entre o exercicio dos facultativos na sanidade pública e a privada?
3. Por que o goberno da Xunta de Galicia considera que só é necesario atender ás demandas que corresponden aos profesionais facultativos no que respecta ás incompatibilidades?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:45:50**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 12:45:57**





## Á Mesa do Parlamento

**Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Diario Oficial de Galicia ven de publicar a orde que regula a concesión da Tarxeta Benvida para as nenas e nenos nados no 2022. A Xunta de Galicia habilitou un investimento de 32,2 millóns de euros para esta axuda de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida dos nenos e nenas, que ten como obxectivo atender os gastos como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces e produtos de hixiene ou farmacia.

Nos seus seis anos de existencia a Tarxeta Benvida supera un orzamento acumulado de 127 millóns de euros e chegou a máis de 78.000 familias. Isto supón que oito de cada dez nenos nados neste período tiveron acceso a esta medida.

Nos últimos anos esta prestación tivo varias novidades. En 2018, a Tarxeta Benvida estendeuse ata o terceiro ano de vida da nena ou neno para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior a 22.000 euros. Así, para o primeiro fillo concedíanse 600 euros anuais; para o segundo 1200; e para o terceiro e sucesivos, 2400.

Xa no ano 2019, habilitouse a posibilidade de que a Tarxeta Benvida se solicitase durante o embarazo, para que non fixese falta esperar ao nacemento para comezar os trámites. Deste modo, para as familias que escollen esta opción, o prazo medio de espera para obter esta prestación pasou de dous meses e medio a un mes.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





E no ano 2020, o Goberno galego introduciu catro novidades: un complemento do 25% para as familias que vivan en concellos de menos de 5000 habitantes; un complemento para as familias numerosas, de xeito que os terceiros fillos e sucesivos perciban 2400 euros anuais desde o nacemento ata os tres anos; facilidades para a presentación de solicitudes por parte dos galegos retornados; e a posibilidade extraordinaria de ampliar a Tarxeta Benvida ata os catro anos para as familias en situación de especial vulnerabilidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia da Tarxeta Benvida nestes 6 anos de existencia?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022



**Asinado dixitalmente por:**

**José Alberto Pazos Couñago na data 26/01/2022 12:51:34**

**María Corina Porro Martínez na data 26/01/2022 12:51:46**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/01/2022 12:51:57**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 26/01/2022 12:52:09**

**Noelia Pérez López na data 26/01/2022 12:52:26**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/01/2022 12:52:46**

**López Sánchez, Rosalía na data 26/01/2022 12:52:58**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de agosto de 2021 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou a Orde do 9 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para a creación e lanzamento de plataformas de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural, cun crédito total de 800.000 euros, sendo o investimento máximo subvencionable de 60.000 euros e cunha porcentaxe máxima do 80 %. As ditas axudas van dirixidas a concellos galegos situados en zonas rurais e cunha poboación inferior a 10.000 habitantes; federacións de asociacións de comerciantes legalmente constituídas de ámbito superior ao municipal e grupos de desenvolvemento rural (GDR) recoñecidos polo acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), do 16 de novembro de 2016, polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia.

Segundo se recolle no artigo 3 das bases da convocatoria, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da dita Orde no Diario Oficial de Galicia, e no artigo 5 débúllase a documentación que deben achegar as entidades solicitantes, que no seu apartado 2.d) indica a que é común para todas:

“– *Memoria detallada das actuacións para as cales se solicita a subvención, que incluírá unha descrición pormenorizada, os obxectivos e a valoración económica das actuacións que se pretenden executar.*

– *Facturas ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamento detallado dos gastos previstos para a realización da actuación para a que se solicita a subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola entidade solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.*



*Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación dos servizos, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.*

*A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:*

*a) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola entidade solicitante con independencia da contía dos investimentos*

*b) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas pola entidade solicitante para a realización do proxecto.*

*c) Memoria económica xustificativa da elección dos provedores nos seguintes casos:*

*– Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.*

*– Cando, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.*

*Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a entidade solicitante”.*

Polo que á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas entidades presentaron solicitude desta subvención?

2ª) Cales foron a orde e hora de entrada das ditas solicitudes?

3ª) Tendo en conta que a documentación complementaria que teñen que presentar as entidades solicitantes require dun tempo para a súa elaboración, a Xunta de Galicia informou previamente a algunha entidade da convocatoria desta orde?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2022 14:05:40**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/01/2022 14:05:53**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/01/2022 14:06:03**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Consello da Cultura Galega organizaba a finais do ano 2019 o Foro Patrimonio e Sociedade, unha iniciativa que se desenvolvería ao longo dun ano e medio coa fin de tratar o que debe ser o camiño ou cambio de paradigma para unha axeitada xestión do patrimonio galego, que hoxe se mostra a todas luces insuficiente.

O foro viña motivado polo traballo da sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG ao longo dos últimos anos, que chamaba a reflexionar acerca de numerosas cuestións sobre a xestión do patrimonio cuxo tratamento debiera ser actualizado: dende se son efectivas as políticas de protección da Lei de Patrimonio Cultural ata se é necesaria unha transversalidade real na toma de decisións sobre o patrimonio ou mesmo se é preciso revisar o funcionamento da Comisión de Cultura do Parlamento.

O proxecto, no que participaron numerosas persoas expertas, o tecido social implicado na materia e mesmo os partidos políticos con representación parlamentaria, culminou este verán nunha *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*.

Nesa Guía achéganse as conclusións específicas de cada unha das tres mesas de traballo -*Patrimonio, políticas públicas e normativa legal; Xestión patrimonial: conservación, protección e promoción-difusión do patrimonio cultural; e Patrimonio, educación, formación e cidadanía*-, pero tamén catro ideas forza a xeito de conclusións imprescindibles para unha mellora da xestión patrimonial en Galicia e que no PSdeG compartimos.

O CCG propón así, como ideas xerais e fundamentais, elaborar un plan autonómico patrimonial de Galicia, a creación dunha comisión de patrimonio no Parlamento galego, un observatorio do patrimonio e un órgano interadministrativo de coordinación da política patrimonial co obxecto de atender a necesaria transversalidade nesta materia.

No PSdeG somos conscientes de que é preciso revisar a concepción actual que existe sobre a xestión do patrimonio e actualizala para así pór en marcha políticas efectivas que protexan e poñan en valor o noso inxente patrimonio cultural, e por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Vai facer súas o Goberno galego as principais conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade, un proxecto desenvolvido ao longo de ano e medio polo Consello da Cultura Galega?

2ª) Como valora o Goberno galego o traballo do Consello da Cultura Galega en materia de patrimonio e concretamente as conclusións do seu Foro Patrimonio e Sociedade?

3ª) Considera o Goberno galego que é precisa unha maior colaboración interdepartamental para unha xestión eficaz do noso patrimonio cultural? Ten previsto crear un órgano de coordinación a tal fin?

4ª) Cre necesaria a creación dunha comisión de patrimonio no Parlamento de Galicia? E dun observatorio do patrimonio?

5ª) Cre o Goberno galego que a nosa Lei do patrimonio cultural garante a total protección do noso patrimonio?

6ª) Considera que a xestión do patrimonio en Galicia é máis reactiva que proactiva?

7ª) Existe coordinación de todos os departamentos da Xunta de Galicia coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural á hora de deseñar políticas ou lexislación acerca de cuestións que afectan directamente o patrimonio?

8ª) Con que frecuencia consulta o Goberno galego ou solicita informes ao Consello de Cultura Galega, único órgano estatutario en materia cultural, sobre cuestións relacionadas co patrimonio?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 26/01/2022 10:13:35**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2022 10:13:52**





## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O presidente da Xunta de Galicia vén anunciado dende o ano 2016 unha serie de rebaixas fiscais que se teñen incrementado cada ano e que, segundo os seus anuncios propagandísticos, suporía para o ano 2021 un aforro de 472 millóns de euros, 24 millóns máis que as aplicadas para o exercicio 2020, sumándose así á política fiscal adoptada por outras comunidades gobernadas polo Partido Popular que se gaban de eliminar todos os impostos xestionados pola autonomía, o que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais (IVE e IRPF) e renunciando a aplicar políticas máis progresivas nas que paguen máis aqueles que máis gañan, ben a través do incremento dos tramos máis altos do IRPF ou o incremento na % do Imposto de Patrimonio ou de Sucesións.

Segundo o último e recente Informe Global do sector público autonómico do Tribunal de Cuentas de España (publicado o 27 de xullo de 2021) o 80 % dos recursos da Xunta de Galicia e entidades instrumentais proceden dos recursos da Lei 22/2009 (25 % do IRPF, 26 % IVE, 11 % impostos especiais, 8 % tributos cedidos, 19 % Fondo de Garantía de servizos públicos fundamentais, 8 % Fondo de suficiencia global e 3 % dos fondos de converxencia). Do restante 20 %, o 6 % procede doutros recursos (7 % FCI, 68 % UE e 24 % subvencións, convenios e outros). E finalmente, o 14 % son recursos propios da Comunidade Autónoma (83 % endebemento, 10 % tributos propios, 2 % prestación de servizos e o 5 % outros ingresos e patrimoniais).

Xa que logo, os gastos aos que ten que facer fronte o Goberno galego están financiados nunha boa parte polos ingresos correspondentes aos capítulos I e II (impostos directos máis impostos indirectos), que en Galicia supoñen aproximadamente a metade dos ingresos totais da comunidade autónoma, supoñendo, polo tanto, unha parte importante para financiar servizos públicos fundamentais, como a sanidade pública, a educación pública, as políticas sociais, de emprego ou industrial. Polo que sería necesario que a Xunta de Galicia establecese obxectivos e indicadores de cumprimento para cada un dos incentivos fiscais aplicados, así como a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados, recomendación manifestada polo Consello de Contas no Informe de





fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 e non aceptada polo Goberno galego.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016?

2ª) Considera o Goberno galego que estes incentivos fiscais se traduciron realmente en beneficios para a cidadanía galega? exactamente cales? en que datos obxectivos fundamenta a súa resposta?

3ª) Cales son as razóns polas que a recomendación manifestada polo Consello de Contas no Informe de fiscalización da Conta correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para 2019 non fose aceptada polo Goberno galego?

4ª) Ten realizado o Goberno galego algún estudo sobre o impacto económico e social dos incentivos aplicados en Galicia dende o ano 2016? en caso negativo, cal é a súa xustificación?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2022 17:05:24**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/01/2022 17:05:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á necesidade de que o goberno galego deixe de incumprir as súas propias promesas e leis e impulse figuras de apoio no IRPF para as familias monoparentais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai máis de 111.000 fogares monoparentais, constituíndo máis do 10% dos fogares galegos. Así mesmo, en máis dun 80% están encabezados por mulleres. Neste sentido, é necesario recordar que o contexto de crise económica que vivimos agudiza a feminización da pobreza e que mesmo o informe do ano 2021 do Alto comisionado contra a pobreza infantil elaborou un informe no que alerta do risco de pobreza deste tipo de fogares e, principalmente, dos liderados por mulleres, cuxas taxas duplican aos fogares encabezados por homes. Os informes FOESSA tamén profundizan na vulnerabilidade dos fogares monoparentais.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente que na actualidade, co sistema fiscal vixente, a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital, ao que se suman unha serie de condicións para a declaración da renda que non inclúen suficientes posibilidades de desgravacións para favorecer aos colectivos máis vulnerábeis de forma suficiente.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Dese xeito, o resultado é que o actual sistema impositivo non ten contribuído a corrixir as desigualdades económicas e, polo tanto, non cumpre a súa función teórica de ferramenta para a redistribución da riqueza.

Os poderes públicos teñen a capacidade de arbitrar determinadas circunstancias que desgravan á hora de cumprir coas obrigas fiscais na coñecida como declaración da renda. Neste camiño, o Bloque Nacionalista Galego ten observado unha ausencia importante que tamén ten sido denunciada por asociacións e colectivos sociais. As formas de vida e a configuración das familias abranguen unha alta variedade, dependendo de factores sociais, económicos, culturais ou de escolla afectiva e persoal. Neste sentido, salienta un baleiro importante canto ás familias monoparentais e a atención á súa especificidade.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego é preciso impulsar desde o ámbito galego e estatal unha maior protección xa que ademais beneficiaría a un dos colectivos que máis padecen esta desigualdade, o das mulleres, que son quen lideran as familias monoparentais e quen ademais sofren as consecuencias do sistema patriarcal no ámbito económico e laboral.

Na actualidade, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza contempla no seu Capítulo II, Sección 7.<sup>a</sup> Acción protectora das familias de especial consideración o seguinte: f) No ámbito tributario, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de beneficios fiscais na área das súas competencias. Porén, once anos despois da súa aprobación, este aspecto non foi desenvolvido polos sucesivos gobernos de Núñez Feijoo. Máis aínda, teñen votado en contra reiteradamente no Parlamento Galego a iniciativa deste grupo na X Lexislatura.

No marco da campaña electoral das eleccións galegas do ano 2020 e no discurso de investidura, Núñez Feijoo prometeu esta cuestión, incumprida a día de hoxe como incumprido está o Rexistro de Familias Monoparentais ou o presunto Plan de apoio que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ían impulsar ao abeiro da lei de impulso demográfico. Un ano despois da aprobación desta, non se desenvolveron estas medidas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que medidas fiscais e tributarias ten previstas o goberno galego para deixar de incumprir as súas promesas e favorecer redistribución da riqueza canto ás familias monoparentais?

Por que non fixo nada o goberno galego en dous exercicios orzamentarios malia ser unha promesa electoral e de investidura?

Por que preferiu arbitrar medidas nos Orzamentos do ano 2022 que favorecen as rendas máis altas no lugar de atender ámbitos vulnerables como a monoparentalidade?

Vai contemplar o goberno galego a especificidade do colectivo monoparental sen pretender subordinalo ás familias numerosas?

Que vai facer a Xunta para que o crecente número de familias monoparentais do noso país vexan reducido o seu potencial risco de pobreza e exclusión social?

Evita o goberno galego este ámbito por dar prevalencia ao modelo tradicional de familia penalizando a monoparentalidade escollida libremente?

Como avalía o goberno galego o agravamento do risco de exclusión social destes fogares?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2022 17:32:16**

**Ramón Fernández Alfonso na data 26/01/2022 17:32:20**

**Daniel Pérez López na data 26/01/2022 17:32:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2022 17:32:47**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Boletín Oficial do Estado (BOE) de 26 de marzo de 2021 publicou a Orde HAC/283/2021, de 25 de marzo, pola que se concretan os aspectos necesarios para a distribución definitiva, entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da liña covid de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

A dita orde ministerial de Facenda establece o reparto entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla dos 7.000 millóns de euros coas que está dotada a liña covid de axudas directas a autónomos (empresarios e profesionais) e empresas.

O Real decreto-lei prevé que se efectúen as correspondentes transferencias a cada ente territorial con cargo a dous créditos extraordinarios, un de 5.000 millóns de euros con destino ás comunidades autónomas, excluídas Baleares e Canarias, e as cidades de Ceuta y Melilla; e o segundo, dotado con 2.000 millóns de euros, para os dous arquipélagos, que tiveron un maior impacto económico debido á pandemia, pola súa maior dependencia do sector turístico.

A partires dos indicadores e os cálculos establecidos para o reparto do fondo, a Galicia correspondéronlle 234.470.880 euros nesta liña covid para axudas directas a Pemes e a autónomos, fondo que foi transferido polo Goberno do Estado nos dez seguintes á adquisición da eficacia do convenio asinado entre as dúas partes.

A piques de rematar o ano, a Unión de profesionais e traballadores autónomos (UPTA) denunciou que as comunidades autónomas terán que devolver máis de 2.500 millóns de euros destes fondos que non foron executados, sendo no caso de Galicia a cantidade de 140 millóns de euros, é dicir, o 60 % do fondo achegado.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cal é a execución total do fondo recollido na Orde HAC/283/2021, de 25 de marzo, pola que se concretan os aspectos necesarios para a distribución definitiva, entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da liña covid de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19?

2ª) Cal é a execución total dos fondos covid recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para axudar a pemes e persoas traballadoras autónomas durante os exercicio 2020 e 2021?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2022 17:48:10**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/01/2022 17:49:06**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Míguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento a *Oficina Doing Business Galicia* no ano 2016 e en outubro de 2017 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

O dito protocolo pon unha serie de deberes aos concellos como abordar a simplificación administrativa e a axilización dos trámites nun máximo de trinta días; a modificación do réxime xurídico para as licenzas de apertura e licenza de obras municipais; a modificación do réxime fiscal, modificando ordenanzas fiscais para que durante tres anos se obteñan bonificacións de ata o 95 % no IBI, no IAE ou no ICIO, ou a eliminación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente ou da taxa pola apertura de establecementos, así como fixar prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial, establecendo bonificacións.

É dicir, as facendas locais, xa de por si insuficientes para dar un nivel de servizos públicos axeitados á súa poboación tiveron que renunciar a parte dos seus ingresos máis importantes para que a Xunta de Galicia favoreza aos concellos que se acollan á dita iniciativa “Doing Business Galicia” cunha discriminación positiva, cun mínimo do 20 % no baremo de puntuación, nas subvencións para obradoiros de emprego, contratación de axentes de emprego, programas integrados de emprego, apoio a parques empresariais, viveiros industriais ou axudas para mercados excelentes e espazos activos de emprendemento ademais de integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial da Xunta de Galicia, así como a creación dunha marca territorial como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas.

Xa que logo, a Xunta de Galicia inclúe na exposición de motivos das bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións que “*De acordo co establecido no protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e*





*fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa «Concellos Doing Business Galicia», asinado con data do 10 de outubro de 2017, a presente orde de axudas prima cunha maior puntuación as solicitudes presentadas por concellos acollidos á dita iniciativa” e dentro das bases no apartado correspondente a debullar os criterios de valoración establece expresamente que “Os proxectos que se presenten serán técnica e economicamente viables; ademais, o procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva e establécense os seguintes criterios de valoración das solicitudes”, entre outros “Concello acollido á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia» con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes: 21 puntos. No caso de agrupación de concellos, asignaranse os 21 puntos se todos os concellos da agrupación están acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia». En caso contrario, asignarase unha puntuación proporcional ao número de concellos da agrupación que estean acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia»”.*

Todas estas medidas foron incluídas na Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

O pasado 23 de xullo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza na que anulou tres convocatorias de subvencións na que se aplicaba esa prima do 20 % máis na puntuación para estes concellos que se sumaron á iniciativa “Concellos Doing Business”, condenando á Xunta de Galicia por discriminar aos municipios que non se adheriron.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta sentenza?
- 2ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego ante esta sentenza?
- 3ª) Vai modificar as bases das convocatorias de subvencións dirixidas a concellos e que priman a aqueles que se sumaron á iniciativa “Doing Business”?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2022 17:52:25**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/01/2022 17:52:40**

**Paloma Castro Rey na data 26/01/2022 17:52:51**

**Pablo Arangüena Fernández na data 26/01/2022 17:53:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Plan de sendas na comarca do Morrazo, prevía a construción de oito novas sendas que sumaban 10 quilómetros.

Os itinerarios proxectados no Plan de sendas para a comarca do Morrazo localízanse na PO-551 e na PO-313 e son: Vilaseca-Lapamán, en Marín; Alto da Portela-CG4.1, en Bueu; Bagüín-Seixo, en Marín; Trasouto-A Madalena, no concello de Cangas; Coirados-Pardavila, en Marín; A Moureira-Palmás, en Moaña; Pardavila-Cadro, en Marín; e Trasouto-Alto da Portela, no concello de Bueu.

Os obxectivos prioritarios deste plan son protexer e aumentar a seguridade de peóns e ciclistas e promover unha mobilidade máis sostible, favorecendo modos de viaxe menos contaminantes e alternativos ao uso de vehículos privados.

En abril de 2018 a Xunta somete a información pública o proxecto da senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña.

A Xunta anunciou que ía destinar preto de 580.000 euros a esta ruta peonil e ciclista, cuxa licitación das obras, segundo a consellería de Infraestruturas faríase ese ano 2018, simultaneamente coa eliminación dos dous tramos de concentración de accidentes en Domaio. Estas actuacións, no seu conxunto, tiñan como obxectivo mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 e os seus arredores.

A tenente alcalde de Moaña no 2019 denunciou que a exposición pública rematara en maio de 2018 é desde esa data non tiveron máis noticias desde o Executivo autonómico e a veciñanza segue a esperar pola adxudicación da senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos celeridade e igualdade



entre os concellos. A Conselleira de Infraestruturas inaugurou este pasado decembro o tramo que une Coirados e Pardavila en Marín e ao mesmo tempo anunciaba que xa estaba licitada as obras dunha nova senda peonil e ciclista na estrada rexional PO-551, entre Bagüín e Seixo, tamén en Marín. Mentres a senda peonil de Moaña segue sen ser licitada.

A Xunta de Galicia ten que adxudicar a senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña. Esta senda leva tempo sendo solicitada tanto polo Goberno municipal como polo tecido asociativo desta vila.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou a Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 a demanda á que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda, o que supón que non se leve a cabo a construción desta senda peonil.

Polo exposto, as deputadas e o deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vai adxudicar, dentro do primeiro semestre do ano 2021, a senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña, para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 e os seus arredores?

2.<sup>a</sup>) Por que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non consignou nos orzamentos deste ano esta senda peonil?

3.<sup>a</sup>) Que investimentos fixo no ano 2020 a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no Concello de Moaña?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/01/2022 17:55:19**





**Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2022 17:55:29**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 26/01/2022 17:55:41**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento a *Oficina Doing Business Galicia* no ano 2016 e en outubro de 2017 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

O dito protocolo pon unha serie de deberes aos concellos como abordar a simplificación administrativa e a axilización dos trámites nun máximo de trinta días; a modificación do réxime xurídico para as licenzas de apertura e licenza de obras municipais; a modificación do réxime fiscal, modificando ordenanzas fiscais para que durante tres anos se obteñan bonificacións de ata o 95 % no IBI, no IAE ou no ICIO, ou a eliminación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente ou da taxa pola apertura de establecementos, así como fixar prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial, establecendo bonificacións.

É dicir, as facendas locais, xa de por si insuficientes para dar un nivel de servizos públicos axeitados á súa poboación tiveron que renunciar a parte dos seus ingresos máis importantes para que a Xunta de Galicia favoreza aos concellos que se acollan á dita iniciativa “Doing Business Galicia” cunha discriminación positiva, cun mínimo do 20 % no baremo de puntuación, nas subvencións para obradoiros de emprego, contratación de axentes de emprego, programas integrados de emprego, apoio a parques empresariais, viveiros industriais ou axudas para mercados excelentes e espazos activos de emprendemento ademais de integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial da Xunta de Galicia, así como a creación dunha marca territorial como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas.

Xa que logo, a Xunta de Galicia inclúe na exposición de motivos das bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións que “*De acordo co establecido no protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa «Concellos*



*Doing Business Galicia», asinado con data do 10 de outubro de 2017, a presente orde de axudas prima cunha maior puntuación as solicitudes presentadas por concellos acollidos á dita iniciativa” e dentro das bases no apartado correspondente a debullar os criterios de valoración establece expresamente que “Os proxectos que se presenten serán técnica e economicamente viables; ademais, o procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva e establécense os seguintes criterios de valoración das solicitudes”, entre outros “Concello acollido á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia» con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes: 21 puntos. No caso de agrupación de concellos, asignaranse os 21 puntos se todos os concellos da agrupación están acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia». En caso contrario, asignarase unha puntuación proporcional ao número de concellos da agrupación que estean acollidos á iniciativa «Concellos Doing Business Galicia»”.*

Todas estas medidas foron incluídas na Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

O pasado 23 de xullo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza na que anulou tres convocatorias de subvencións na que se aplicaba esa prima do 20 % máis na puntuación para estes concellos que se sumaron á iniciativa “Concellos Doing Business”, condenando á Xunta de Galicia por discriminar aos municipios que non se adheriron.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta sentenza?
- 2ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego ante esta sentenza?
- 3ª) Vai modificar as bases das convocatorias de subvencións dirixidas a concellos e que priman a aqueles que se sumaron á iniciativa “Doing Business”?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**





**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/01/2022 17:54:49**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/01/2022 17:55:02**





## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade Política Social e Emprego**.

A reorganización asistencial, motivada pola declaración de pandemia Covid-19, o 17 de marzo de 2020, fixo que o centro de saúde de Tomiño centralizara temporalmente a actividade na unidade de mañá, xunto co centro de saúde de Goián.

O médico que atendía o consultorio de Goián, o doutor Rica, xubilouse o 18 de xuño de 2020, súa ausencia comezou a partir do 15 de maio, data na que comeza a gozar dos seus correspondentes permisos de vacacións. Esta praza íase ofertar co resto de postos libres na área de Vigo a finais do verán, para a súa cobertura definitiva, segundo anunciou o SERGAS en xullo de 2020.

Durante a tempada estival, debido á falta de suplentes nas listas de contratación, a asistencia dos pacientes do centro de Tomiño realizábase en horario de mañá, sendo cuberta polas tardes polos profesionais do PAC de Tui.

O Grupo Parlamentario Socialista reclama a Xunta de Galicia que se poña en funcionamento, inmediatamente, o servizo médico do consultorio de Goián, suspendido desde que se declarou o estado de alarma por mor da pandemia Covid-19

A Xunta decidiu pechar o consultorio de Goián e trasladar o seu servizo ao centro de saúde de Tomiño e ata hoxe non foi aberto.

O SERGAS esperaba cubrir a praza do médico en Goián en setembro para retomar o servizo. Estamos en febreiro de 2021 e a praza do médico de Goián non foi cuberta.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía de Tomiño e fundamentalmente de Goián que demanda de xeito urxente unha solución ao problema. A Mancomunidade do Baixo Miño acordou solicitar unha xuntanza co Conselleiro de Sanidade. Non existe contestación aínda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Cando se vai cubrir a praza vacante do médico do consultorio de Goián en Tomiño?

2.ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación actual da asistencia sanitaria en atención primaria en Tomiño e no conxunto da comarca do Baixo Miño?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/01/2022 18:01:49**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 18:01:56**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 18:02:02**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Goberno local de Noia leva anos sen aprobar o seu Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), un retraso aparentemente motivado por Augas de Galicia, que non é quen de autorizar a modificación da concesión para poder dispor dunha nova captación de auga no río Vilacoba, tal e como recoñeceu o Goberno galego en resposta á pregunta escrita 15281.

A solicitude realizada polo concello de Noia realizouse o 9 de setembro de 2020, tempo suficiente para que a Demarcación Centro de Augas de Galicia resolva o expediente.

Por iso, preguntamos:

1ª) Cando ten previsto Augas de Galicia tramitar o expediente de modificación da concesión dunha nova captación de auga no Concello de Noia, da que depende a aprobación do PXOM?

2ª) Cales son as razóns do retraso de máis dun ano na resolución dese expediente?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 26/01/2022 19:01:11**

**Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2022 19:01:25**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A pandemia da covid-19 asolou as vidas da cidadanía e unha vez máis as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños.

Os concellos mostraron novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais da veciñanza. As nenas e nenos tiveron que se adaptar a unha situación que os limitou enormemente no seu día a día e sobre todo na súa maneira de se relacionaren. A nova normativa aplicada ao desenvolvemento do curso escolar incorporou novas rutinas como o uso de máscara durante todo o tempo lectivo, a constante hixienización de mans e espazos, a preferencia de uso de espazos ben ventilados, a obriga de gardar distancias interpersoais e a constitución de grupos burbulla que limitan o número de persoas coas que se poden relacionar.

Todas estas restricións véñense prolongando no tempo e posiblemente continúen unha boa tempada. Preservar a saúde física das familias garantindo condicións seguras nos centros de ensino, sen dúbida, é importante, así como tamén o é dar aos nenos e nenas espazos abertos onde poder moverse e exercitarse nun momento en que se está a comprobar que a situación de pandemia está a causar uns hábitos de vida máis sedentarios.

Os nenos e nenas usuarios das instalacións do Areal, no CEIP Nicolás del Río do concello de Cedeira dispoñen dun patio que sería o lugar ideal para desenvolver nel as aulas de Educación Física, os recreos, festividades marcadas no calendario escolar e calquera outra actividade de recomendable realización en exterior. Este espazo está sendo na actualidade infrautilizado, pois non está cuberto e dada a climatoloxía predominante ao longo do curso escolar neste concello, son poucos os días nos que se lle pode dar uso.

Os patios de xogo nos centros de ensino son tamén zonas coeducativas e participativas, onde as nenas e nenos deben socializar en igualdade de condicións e dispoñendo de espazos adecuados. É preciso comezar a mudar as distribucións tradicionais dos patios, onde as pistas deportivas ocupaban a maior parte da zona



exterior do centro, e construír outros modelos onde os espazos sexan totalmente accesibles e se repartan coa fin de que o alumando utilice as instalacións de xeito igualitario e onde se garanta a participación no xogo de todos e todas.

O pleno do concello de Cedeira considera que todos os nenos e nenas de Cedeira, que pasan nos dous últimos cursos da Educación Primaria polas instalacións do Areal deberían ter a oportunidade de ter un lugar exterior, mais cuberto, para a súa actividade física e de lecer, que sen dúbida redundará na súa saúde mental, por todo isto aprobaron unha moción para solicitar o dito acondicionamento.

Por todo o exposto, os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno Galego que esta é unha solicitude axeitada para o CEIP Nicolás del Río de Cedeira?

2ª) Ten previsto o Goberno galego realizar as obras solicitadas polo concello de Cedeira neste centro educativo?, se for o caso, para cando ten previsto realizar as ditas obras?

Parlamento de Galicia, 26 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 26/01/2022 11:53:41**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2022 11:53:54**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

En Galicia o sector lácteo suma máis de 7.000 explotacións, que producen cada ano 2,8 millóns de toneladas de leite, o sector xera máis de 20.000 empregos e aporta o 1,5 % do PIB galego. Cifras que fan que Galicia sexa a rexión máis produtora de España e se atope entre as dez primeiras de Europa.

A comarca de Ordes, cos concellos de Arzúa, Frades, Mesía e Tordoia, entre outros, achegaron no 2020 algo máis de 283 millóns de litros a este sector, e polo tanto, é indubidable a importancia das explotacións de leite para o concello de Tordoia.

No censo do INE de 2009 Tordoia constaba con 376 explotacións de bovino e das cales só 63 teñen máis de 20 Ha, un tamaño mínimo para a súa viabilidade económica a non ser que a súa actividade sexa a produción de horta, viñedo ou gandaría intensiva.

As concentracións parcelarias de Viladabade e Gorgullos datan de finais dos anos 60 é foi esencial para o desenvolvemento da actividade gandeira e que esta sexa unha das maiores fontes de riqueza do concello, pero a día de hoxe pasados máis de 50 anos, as pistas das ditas concentracións están en moi mal estado, sen o mantemento necesario por parte do concello e polo desleixo da Xunta de Galicia para apoiar ao concello na súa capacidade económica para ter os ditos viarios de comunicación entre fincas e de acceso para a maquinaria agraria en correcto estado.

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Tordoia pediu en numerosas ocasións o seu amaño e visto o pouco éxito da dita petición, o noso grupo parlamentario introduciu emendas aso orzamentos de 2022 para que a Xunta financie a adecuación das ditas pistas co mesmo éxito que as peticións do Grupo Municipal.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego o mal estado no que se atopan as concentracións parcelarias de Gorgullos e Viladabade no concello de Tordoia?



2ª) Vai levar a cabo algunha actuación para arranxar o mal estado das ditas pistas?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 26/01/2022 12:27:28**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/01/2022 12:27:44**

**Noa Susana Díaz Varela na data 26/01/2022 12:27:55**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Recentemente, coñecemos que a Xunta de Galicia ten no seu poder o proxecto de ampliación da balsa de lodos vermellos presentada por Alcoa para dar continuidade á refinería de Alúmina en San Cibrao. Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando recibiu a Xunta de Galicia o proxecto de ampliación de lodos vermellos presentada por Alcoa?

2ª) Que prazos manexa a Xunta de Galicia para informar o proxecto de ampliación da balsa de lodos vermellos presentada por Alcoa?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2022 18:17:54**

**Martín Seco García na data 26/01/2022 18:18:07**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/01/2022 18:18:20**





## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O día 19 de febreiro de 2021 publicouse no DOG, a exposición pública da documentación dun parque eólico en Troitomil nos concellos da Baña e Negreira, promovido pola empresa *Green Capital Power*, este novo proxecto fai que aumente a preocupación polo elevado número de parques eólicos, previstos nos concellos da Baña e Negreira, xa que unido aos que xa existen e aos planificados pola mesma empresa en Vilartoxo e Barrosino na Baña e os de Alvite I e II e Banzas en Negreira, faría que estes dous concellos serían dos municipios de Galicia cun maior número de parques eólicos, o que ten moi preocupados aos alcaldes da Baña e Negreira, polos inconvenientes que xera este tipo de instalacións na calidade de vida da súa cidadanía e aos sectores primarios desta comarca, e todo por instalacións que apenas deixarán beneficios económicos entre propietarios e concellos.

Cabe destacar a forma descarada que estas empresas utilizan para fraccionar en pequenos parques eólicos, proxectos como os antes enunciados e outros nos concellos lindeiros como os de Val do Dubra, Outes e Mazaricos, que constitúen ao final unha única explotación, pero que se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW, que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental a faga o Estado, o que pode ser unha clara vulneración da lexislación vixente.

O impacto medioambiental deste parque eólico de Troitomil agrávase dada a proximidade dos muíños de xeración de enerxía eólica aos núcleos habitados. Para a cidadanía da Baña e o seu alcalde é de especial preocupación a insuficiente distancia mínima ás vivendas que a lexislación establece (500 m), que fai que os enormes muíños de nova xeración (máis de 200 m), queden moi próximos ás vivendas, o que provocará grandes molestias polos ruídos, interferencias (TV, radio, telefonía móbil).

Por outra banda, o mundo rural está a soportar en exclusiva os custos ambientais e patrimoniais deste sector enerxético e dende o punto de vista económico, a terra onde vai asentado o parque de Troitomil é dun gran valor forestal e gandeiro e os bañenses afectados non se benefician dunha maneira xusta da presenza deste



parque nos seus territorios, algo que pasa tamén coas captacións de augas ou afeccións patrimoniais en Banzas no concello de Negreira

É preocupante que os propietarios dos terreos directamente afectados reciban unha compensación insuficiente, mentres que o resto da veciñanza que soporta os inconvenientes ambientais non perciban ningún tipo de beneficio económico e o que reciben os concellos por vía do canon e das convocatorias do fondo de compensación ambiental é residual e pouco obxectiva.

Esta preocupación foi posta de manifesto polo alcalde da Baña, que dende finais de decembro de 2020 solicitou reunirse co vicepresidente 2º de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, e despois de non ter resposta tamén solicitou reunión a principios deste mes de marzo co Xefe de Servizo de Enerxía e Minas, sen ter contestación ata este momento, o alcalde José Antonio Pereira tamén lle pediu ao Goberno galego que paralizara este proxecto ata ter garantías para a súa veciñanza.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Ten previsto o vicepresidente segundo da Xunta de Galicia e o Xefe do Servizo de Enerxía e Minas recibir o antes posible ao alcalde da Baña neste período de exposición pública do proxecto de Troitomil?
- 2ª) Que opinan da multitude de proxectos eólicos situados no entorno dos concellos da Baña, Negreira, Val do Dubra, Mazaricos e Outes, tramitados pola mesma empresa individualmente e non como un proxecto eólico único, cando está prohibido o fraccionamento?
- 3ª) Que opinan sobre a distancia mínima dende os muíños ás vivendas, establecida por lei a 500 metros, cando os muíños pasaron dunha altura de 50 a 200 metros?
- 4ª) Consideran xusto o beneficio económico que reciben propietarios, concellos e as comunidades rurais afectadas pola instalación de parques eólicos?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**





**Martín Seco García na data 27/01/2022 11:43:51**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 27/01/2022 11:44:12**

**Noa Susana Díaz Varela na data 27/01/2022 11:44:21**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noelia Otero Díaz e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Dende hai anos, os recortes de persoal nos centros educativos veñen sendo denunciados por familias en varios centros de Galicia. Desta vez, a voz de alarma chega dende o colexio público de Carnota, da man de tres nais de pequenos con necesidades especiais. Hai tempo que estas nais denuncian que os cativos quedan sen clase cando a súa acompañante terapéutica se ausenta por baixa, como aconteceu hai poucas datas, e denuncian á Xunta por negarse a substituír esta traballadora, deixando tres rapaces sen o seu dereito á escolarización.

As eivas na atención á diversidade nos centros de ensino en Galicia volven ser denunciadas por familias desesperadas pola falta de recursos, pero tamén ante a expectativa da aprobación do borrador do futuro plan que prepara a Xunta.

Ademais, advirten tamén de que tanto no seu centro, como noutros da comarca, non se cumpre coas ratios recomendadas e hai casos nos que unha coidadora ten que se encargar de ata nove nenos.

O texto pretende unificar toda a dispersa e disgregada lexislación relativa á atención escolar á diversidade, cumprindo así unha antiga demanda da comunidade educativa, pero as reaccións ao borrador non deixan contento a case ninguén.

Son moitos os que indican a necesidade de que se estableza a diferenza entre coidador e Acompañante Terapéutico Educativo “ATE”, que si está clara na lexislación estatal, e é unha das grandes críticas das familias e dos sindicatos, que lembran que esta única función asistencial que lles atribúe a Xunta a ambas figuras fai que se perda a función educativa *de facto*.

Ao mesmo tempo, as nais e tamén a representación sindical critica unha insuficiente ratio establecida dun mínimo de 1 coidador/a por cada 7 alumnos/as, as nais recordan que cada cativo ten unha necesidade diferente en momentos distintos, o que pode ocasionar que nalgún intre algún deles teña que quedar sen atención requirida. En tempo de pandemia, tamén é un perigo porque o persoal tería que andar de aula en aula para poder atender todos os rapaces.



Unha das nais de Carnota, alerta de que normativas comunitarias ou a propia nova lei educativa aprobada polo Goberno central exigen que os centros ordinarios conten cos recursos necesarios para atender os nenos con necesidades especiais e se atopan coa resposta dos colexios que din que non hai cartos dabondo.

A representación sindical advirte que o texto que se prevé para o novo plan de atención á diversidade non é mais que unha regulación burocrática e formal, reprodución e actualización de normas publicadas após do Decreto do 2011, pero necesita contar co compromiso de dotación de recursos humanos, materiais e formativos, e unha concepción da atención á diversidade supeditada a non incrementar un investimento que a Xunta interpreta como gasto.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Por que a Consellería de Educación non asegura a presenza de persoal no CEIP de Carnota que garanta a escolarización do alumnado con necesidades especiais?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2022





**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 27/01/2022 11:47:19**

**Noelia Otero Lago na data 27/01/2022 11:47:32**

**Noa Susana Díaz Varela na data 27/01/2022 11:47:53**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Hai cinco meses, a Comisión 6ª do Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista que lle pedía á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo multilateral co fin de acadar a homologación do Camiño dos Faros, unha homologación que leva dous anos paralizada e pendente dun goberno galego que semella que unha iniciativa de éxito como é esta ruta de sendeirismo, para as comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte, non lle preocupa.

Con esta proposta, a unanimidade dos grupos do Parlamento reclamáballe á Xunta de Galicia a constitución dunha mesa de traballo na que ademais do executivo galego participasen a Deputación da Coruña, os alcaldes dos 9 concellos polos que transcorre o Camiño dos Faros, a Asociación de Turismo Costa da Morte –ATCM-, a Asociación Camiño dos Faros, a Federación Galega de Montañismo e aqueles outros organismos e colectivos que a propia mesa estime conveniente polo seu recoñecemento e competencias nos ámbitos que o asunto requira.

O obxectivo desta iniciativa era conseguir a homologación e planificar o futuro dunha actividade que mobiliza ata 20.000 visitas anuais á Costa da Morte e Bergantiños. Dende o Grupo Socialista seguimos apostando por un Camiño dos Faros tal e como está configurado actualmente e non roubarlle o nome nin diluílo noutro tipo de proxecto que utilicen grandes consultoras para un mero uso economicista e deixando na cuneta o realmente importante. Resulta necesario salvar os escollos, principalmente medioambientais, coa titularidade das leiras ou a porcentaxe de asfalto que presenta a proposta, coas modificacións propostas pola propia Asociación Camiño dos Faros, promotora do proxecto ou outras que se pactasen na mesa que se debería constituír.



Nestas datas a Asociación Camiño dos Faros tivo unha reunión coa Federación Europea de Senderismo porque O Camiño dos Faros pode ter o selo *Leading Quality Trail*, a única en España, como así indica o proxecto realizado. Algo que teñen claro na Federación Europea, pero que aquí segue sen desbloquearse por parte da Xunta de Galicia que non cumpre co acordo do mes de decembro de 2020 e nin tan sequera se puxo en contacto cos alcaldes afectados para ver como comezar a facer as reunións que consigan a dita homologación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

1ª) A que está esperando o Goberno galego para constituír a mesa de traballo para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido, despois de que fose aprobado pola unanimidade dos grupos do parlamento hai 5 meses?

2ª) Ten presente o Goberno galego que está a poñer en risco a seguridade dos sendeiristas que acoden á dita ruta e o respecto medioambiental ao territorio por onde transcorre, cada día que evitan sentarse a resolver os problemas da homologación do Camiño dos Faros?

3ª) Ten presente o Goberno galego a importancia económica que ten esta ruta para os concellos por onde transcorre o camiño e as posibilidades que abre para as economías dunhas comarcas que necesitan dese apoio?

4ª) Cre o Goberno galego no proxecto do Camiño dos Faros, tal e como está establecido en liñas xerais e non como parte dun proxecto máis amplo?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 27/01/2022 11:48:53**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 27/01/2022 11:49:06**





## Á Mesa do Parlamento

